



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

**CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O  
CONCELLO DE CUALEDRO PARA A ADQUISICIÓN DUNHA APLICACIÓN  
INFORMÁTICA DE CONTABILIDADE.**

No Pazo provincial da Excma. Deputación provincial de Ourense

**REUNIDOS**

O Ilmo. Sr. D. José Luis Baltar Pumar, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Ourense

O Sr. D. Luciano Rivero Cuquejo, Alcalde do Concello de Cualedro

**EXPONEN:**

**PRIMEIRO.-** Que ambas partes recoñécense mutuamente plena capacidade para a formalización do presente convenio.

**SEGUNDO.-** Que de conformidade co disposto no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais a prestación de *“asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica ós municipios, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”*. En desenvolvemento desta previsión legal, o artigo 115 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que *“As deputacións provinciais prestaranlles asistencia técnica ás entidades locais mediante a elaboración de estudos, proxectos e dirección de obras relativas a servizos da súa competencia, en especial no ámbito do urbanismo, da xestión tributaria e do asesoramento e impulso das medidas destinadas a mellora-la organización administrativa con especial atención ós sistemas de traballo e á mecanización de tarefas”*



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

**TERCEIRO.-** Que para a consecución dos seus fins e para o exercicio das súas competencias, as deputacións provinciais, segundo o disposto no artigo 198.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, “... *poderán subscribir, con todos ou con algún dos municipios da provincia, convenios para garanti-lo acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais e a maior eficacia na prestación destes*”

**CUARTO.-** Que é do interese de ambas entidades a adquisición e instalación no Concello de Cualedro, dunha aplicación informática de contabilidade, co fin de mellora la eficacia e eficiencia no funcionamento da entidade .

Por todo o anterior e co obxecto de acada-lo fin proposto, a Excma. Deputación provincial de Ourense e o Concello de Cualedro, acordan subscribi-lo presente convenio de colaboración segundo as seguintes

**CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA.-** A Excma. Deputación provincial de Ourense procederá á inmediata adquisición dunha licenza da aplicación informática de contabilidade, con destino á súa instalación nos servizos administrativos do Concello de **Cualedro**, polo importe máximo de 5.950 € (IVE incluído).

**SEGUNDA.-** A instalación da aplicación de contabilidade nos servizos administrativos do Concello de Cualedro, efectuarase polo Servizo provincial de Informática e Novas Tecnoloxías, no prazo máximo dun mes, a contar desde a adquisición da correspondente licenza.

**TERCEIRA.-** O Servizo provincial de Informática e Novas Tecnoloxías instruirá, ó funcionario ou funcionarios que o Concello de Cualedro determine, no uso da aplicación informática contabilidade, de xeito que poida ser aproveitada en tódalas súas potencialidades e prestará a asistencia e cooperación que demande a dita entidade local no ámbito deste convenio, para o mantemento da aplicación.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

**CUARTA.-** O Concello de Cualedro, comprométese a aboar á Excm. Deputación provincial de Ourense a cantidade de 892,5.€ (equivalente ó 15% % do custe de adquisición do aplicativo), como contribución ós gastos de adquisición, instalación, formación do persoal e asistencia no uso da aplicación informática. O ingreso da devandita cantidade nas arcas provinciais, será requisito previo e ineludible para a instalación da licenza pola Deputación provincial nos servizos administrativos do concello. Así mesmo, o concello asumirá integramente os custes anuais de mantemento e actualización da aplicación.

**QUINTA.-** Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, así como para a resolución das controversias que poidan xurdir na interpretación das súas cláusulas, creárase, de se-lo caso, unha Comisión Mixta integrada por un representante de cada unha das partes.

**SEXTA.-** O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas a xurisdicción contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

E para que conste, asínase o presente convenio, por triplicado exemplar, o 19 de xuño de 2009, ante min, o Secretario Xeral da Excm. Deputación provincial de Ourense, que dou fé.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION,

Asdo.: José Luis Baltar Pumar

O ALCALDE

Asdo.: Luciano Rivero Cuquejo

O SECRETARIO,

Asdo.: Francisco Cacharro Gosende